

OBRADOIRO DE XABÓNS NATURAIS CON RECEITAS DA AVOA

Obradoiros onde se poñen en contacto distintas xeracións para favorecer as relacións individuais, familiares, comunitarias e sociais entre as persoas participantes. Nas persoas maiores fomentárase o envellecemento activo, que mellore a súa actividade física, cognitiva e social, e nas persoas máis novas impulsáranse as habilidades sociais e a empatía cara ao resto das xeracións.

PARTICIPANTES:

Poderán participar persoas de entre 10 e 99 anos, preferentemente do Grove e da mesma familia.

Terán preferencia aquelas persoas que formen parte da mesma familia, que se anoten xuntas e pertencen a diferentes xeracións (netas e netos, avoas e avós, fillas e fillos, nais e pais etc.).

As nenas e nenos de entre 13 e 17 anos (ambos inclusive) que queiran acudir sós deberán achegar o consentimento da nai ou pai ou da titora ou titor.

As nenas e nenos de menos de 10-13 anos deberán acudir sempre en compañía dunha persoa adulta; en ningún caso poderán participar menores de 13 anos sen acompañamento.

Tamén poderán ser beneficiarias do programa persoas doutros concellos sempre que presenten a correspondente solicitude no Rexistro do Concello escollido e que non se cubrisen todas as prazas.

FICHA INSCRIPCIÓN E AUTORIZACIÓN MATERNA/PATERNA

<https://www.depo.es/es/tecendo-lazos>

DATAS E HORARIOS:

22,26,27,28 de decembro e 2,3 e 4 de xaneiro en horario de 11,00-13,20

PRAZO E LUGAR DE INSCRIPCIÓN: ata o 13 de decembro na Oficina Municipal de Información Xuvenil (2º andar Edificio Administrativo) 986 730 609

omix@concellodogrove.es